

O NOSO

# VIVEIRO 2.0.

EXPRESS

VOZ NATURA

## PLÁSTICO

Pensamos nas consecuencias do seu uso

A XENTE DAS LETRAS OPINA SOBRE O NOSO COLE

## DIVERSIDADE

O valor da interculturalidade

RECOMENDACIÓNS

## QUE LER?

Libros para as vacacións de primavera

DISPONÍBLE NA PÁXINA WEB DO COLEXIO

#AbrideAFiesta

FUROSALÍA

**PROXECTO VOZ NATURA**


# PLÁSTICO? NON, GRAZAS

Con Voz Natura, estamos a pensar na cantidade de plásticos innecesarios que usamos.

Pero non só quedamos aí. Tamén pasamos a acción. Contámosvolo a continuación.

O alumnado de 3ºA de Educación Primaria explicámosvos os pasos que seguimos:

**Segundo:** analizamos se todo é necesario. Para que usamos o plástico? Necesítámolo para todo?



**Primeiro:** reciclamos os plásticos durante unha semana na clase de de 3ºA e nunha casa. Pensádeo ben. Hai moitos momentos nos que utilizamos este tipo de material e podémolo evitar.



**Terceiro:** propoñemos ideas para usalo menos ou reciclalo. Saíron abondas, abofé que si.


**Cuarto:** construímos contedores para colocar na aula e logo poder reciclar o plástico.

Pola nosa parte, os cativos e cativas de 3ºB reutilizamos plásticos nalgunhas actividades dos cole. Aquí van algunhas delas:

**Samaín:** no concurso organizado no colexio, houbo un premio á mellor cabaza *Reciclaplástica*.

**Nadal:** compuxemos unha árbore con botellas decoradas con distintas técnicas e materiais de todos os nenos e nenas do centro.

**Entroido:** elaboramos os nosos disfraces e complementos. O tema era o paseo marítimo da nosa cidade. Fixádevos no fermosos que nos quedaron na foto de embaixo.



**Murais:** a entrada da nosa clase, por exemplo, está decorada cun esqueleto con pratos de plástico. ■



**OS PERSOEIROS QUE NOS VISITARON OPINAN SOBRE O NOSO COLEXIO**

# O VALOR DO DIFERENTE

Na nosa biblioteca, hai un continuo ir e vir de xente da arte. Cando marchan, levan

consigo algo de nós e pedímoslles que nolo contaran coas súas palabras.

## ELI RÍOS



A miña visita a esta biblioteca foi a entrada a un lugar de conto onde case podía sentir que Marta e a pín-tega Oli aparecerían en calquera intre. Maxia en estado puro.

## MÓNICA RODRÍGUEZ



Gracias por compartir conmigo el viaje de Alma (do seu libro *Alma y la isla*). Estoy segura de que en este colegio se sentiría como en su casa. ■



**manuel rivas barrós**

@Rivasbarrs



A literatura como hábitat sentipensante: na biblioteca do colexio público Raquel Camacho, no barrio da Agra de Orzán, na Coruña. Xente marabillosa de 30 nacionalidades de orixe.

9:20 PM - Feb 27, 2018

♥ 93 💬 17 people are talking about this

## MEGAFONÍA DO COLEXIO

# CANCIÓNS QUE MÁIS SOAN

Como sabedes, no cole temos unha maneira moi agradable de entrarmos e saírmos do colexio: con música. Se-

guro que desexades volver escoitar eses temas e, por iso, aquí vos deixamos os seus datos.

## PARA O DÍA DA PAZ



Canción: Cantadela dos nenos.  
Letra: Xosé Neira Vilas.

## PARA O ENTROIDO



Canción: O Entroido move o corpo.  
Álbum e artista: *Brinca vai* de Paco Nogueiras.

## PARA O DÍA DE ROSALÍA



Canción: Rosalía pequeniña.  
Álbum e artista: *Rosalía pequeniña* de Uxía.

## PARA A SEMENTEIRA




Canción: A horta de Balbina.  
Álbum e artista: *Aire* de María Fu-  
maça. ■

MOMENTO PARA A CONCENTRACIÓN E O RELAX

# MANDALA CON ROSALÍA

Colle lapis de cores ou rotuladores de punta fina, pon música tranquila e vai colore-  
 ando devagar esta fermosa mandala coa nosa poetisa. Shhhh...



VEÑA, ATRÉVETE CON ESTE BARULLO DE LETRAS

# PASATEMPOS

## SOPA DE LETRAS

Atopa no barullo de letras 5 lugares emblemáticos da nosa cidade.

MARÍA PITA  
OBELISCO  
HÉRCULES  
CANTÓNS  
DOMUS

D	D	F	G	Z	C	X	N	M
C	O	S	H	E	A	R	M	A
Ñ	M	H	P	G	N	S	H	R
G	U	N	Ñ	R	T	Q	Ñ	I
L	S	C	E	Z	O	O	B	A
L	O	F	L	Q	N	R	V	P
O	B	E	L	I	S	C	O	I
H	E	R	C	U	L	E	S	T
V	C	A	D	F	R	T	O	A

## ENCRUCILLADA

Resolve o seguinte encrucillado de 4 mulleres moi destacadas na historia da nosa cidade.


1. Heroína nada no século XVI que defendeu A Coruña dos ataques dos ingleses.



2. Escritora e filántropa coruñesa, coñecida por obras coma "Os pazos de Ulloa" (só os apelidos).



3. Autora coruñesa do século XIX que foi aia da raíña Isabel II.



4. Actriz coruñesa coñecida, entre outros papeis, por protagonizar a serie "Os misterios de Laura".




**RECOMENDACIÓN LECTORAS FEMINISTAS PARA AS VACACIÓN**

**QUE LER?**

A primavera axuda a pasar máis tempo ao aire libre. Ademais de xogar, podemos

aproveitar o momento para sentar no banco do parque e gozar dun libro. #MeToo

**EDUCACIÓN INFANTIL**



**ROSA CAMELO** de Adela Turin e Nella Bosman. Para pensar sobre aburrido que debía de ser vivir como unha elefanta rosa.

+ INFO: [Kalandraka Editora](#)

**1º E 2º DE E. PRIMARIA**



**O SEGREDO DE FLORA** de Paloma Rodríguez e Cristina Justo. Flora aprendeu unhas palabras que a axudan a non ter ganas de pegar.

+ INFO: [Edicións Embora](#)


**3º E 4º DE E. PRIMARIA**



**A HISTORIA DOS BONOBOBOS CON LENTES** de Adela Turin e Nella Bosman. A historia duns bonobos machistas.

+ INFO: [Kalandraka Editora](#)

**6º E 5º DE E. PRIMARIA**



**MAX Y LOS SUPERHÉROES** de Rocío Bonilla e Oriol Malet. Mega-power desactiva bombas, ten ultra-visión e unha forza descomunal.

+ INFO: [Algar Editorial](#) ■